

Xeografía mítica

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A serpe do Con do Encanto

Na entrada de Parabela de Lores, concello de Meaño (Pontevedra) había antigamente un pequeno con (cabezo de penedo que sobresaía da auga). Nel tumbábanse a tomar o sol serpes, lagartos... etc. e un día apareceu unha serpe moi grande.

Toda a xente que pasaba por alí tiña medo e intentábana matar pero fracasaron. Unha mañá antes de saír o sol xuntouse a xente do pobo para ver se a podían coller pero atoparon unha sorpresa: enriba do con non estaba a serpe senón un mantel moi bonito. Sobre o mantel había cousas moi fermosas: tesoiras, dedais, agullas, fíos, todo de cor dourada. Ao lado, sentada, había unha sombra dunha fermosa muller.

A xente preguntoulle que facía alí, pero ela non contestou. E tan pronto lle deu o sol na cara recolleu as cousas douradas e desapareceu coma se o con a engulise. Nunca se soubo nada máis da serpe nin da sombra da muller fermosa.

[Recollido en Freixeiro, Lores, Meaño (Pontevedra), por Eduardo García Doce]

BIBLIOGRAFÍA

Nota:

Esta lenda contoulla miña avoa a miña nai; e miña nai contouma a min. E eu cóntoa para que a contedes vós.